

PO3-04	Edición: 01
ACTUACIÓN ANTE SOSPEITA DE AGRESIÓN SEXUAL. AA-SVB	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ÍNDICE

1. OBJETO E ALCANCE
2. DESENVOLVEMENTO
3. REXISTROS
4. GLOSARIO
5. ANEXOS

CONTROL DE MODIFICACIONES		
Edición	Data aprobación	Apartados modificados
01	19/04/2023	Documento orixinal

PO3-04	Edición: 01
ACTUACIÓN ANTE SOSPEITA DE AGRESIÓN SEXUAL. AA-SVB	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

1.- OBXECTO E ALCANCE

Establecer o procedemento de actuación a seguir polas empresas de transporte sanitario urxente que prestan servizo na Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia-061 (RTSUG-061) na atención a unha posible vítima de agresión sexual.

Este procedemento é de aplicación ao persoal das empresas adxudicatarias de transporte sanitario urxente que prestan servizo nas ambulancias asistenciais de soporte vital básico da RTSUG-061 e ao persoal sanitario da Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (CCUSG-061).

2.- DESENVOLVEMENTO

Sufrir violencia sexual é unha das situacións máis traumáticas que pode vivir unha persoa. A atención que se debe prestar a este tipo de vítimas ten que ser multidisciplinar na que poden intervir entre outros, o persoal TES que desenvolve a súa labor dentro da RTSUG-061.

Compre ter en conta unhas recomendacións xerais co gallo de prestar unha asistencia de calidade axeitada ás circunstancias da vítima.

2.1 VALORACIÓN INICIAL

Realizárase valoración primaria (ABCD) segundo o procedemento: *PO3-03 Atención ao adulto grave nas AA-SVB. Persoal TES*, informando á Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia (CCUSG-061) das alteracións atopadas.

2.1.1 Víctimas sen compromiso vital

A vítima pode estar en situación de *shock emocional*.

Debemos procurar unha atención respectuosa, empática, mantendo unha actitude de escoita activa, evitando preguntas e xuízos innecesarios, nun entorno axeitado, seguro, preservando a intimidade do paciente sempre co menor número de persoas posibles implicadas na asistencia.

PO3-04	Edición: 01
ACTUACIÓN ANTE SOSPEITA DE AGRESIÓN SEXUAL. AA-SVB	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

Se a vítima declara non ter sufrido unha agresión sexual pero existe a sospeita por parte do persoal TES, comunicará dita situación á CCUSG-061 quen sen premela e respectando a súa decisión, ofreceráselle toda a información considerada relevante para o procedemento e continuarase ofrecéndolle a axuda sanitaria que precise.

A exploración asistencial específica realizarase a nivel hospitalario.

2.1.2 Víctimas con compromiso vital

- Realizar as actuacións descritas no procedemento *PO3-03 de Atención ao adulto grave nas AA-SVB. Persoal TES.*
- Seguir as indicacións do persoal sanitario da CCUSG-061.
- Solicitar apoio doutros recursos se é necesario.

2.2 MEDIDAS XERAIS

Consideracións especiais para a preservación ou non destrución de posibles mostras periciais:

- Non debe lavar ningunha parte do seu corpo.
- Non debe ouriñar.
- Se houberse necesidade de secado que este se realice a través de suaves toques co papel, nunca por frotamento.
- Debe evitar meterse as mans nos petos de forma reiterativa, ou fregalas.
- Debe evitar fregarse o pescozo, os pulsos e antebrazos coas mans ou coa roupa (bufandas...).
- Non debe comer nin beber. Se non se pode evitar, solicitar que faga un enxaugue con soro fisiolóxico ou, na súa falta, auga embotellada e recoller o contido.
- Evitar cambios de roupa. Se xa se produciron, recoller a roupa nunha bolsa ou nun sobre de papel.
- En caso de penetración anal, non debe defecar.

PO3-04	Edición: 01
ACTUACIÓN ANTE SOSPEITA DE AGRESIÓN SEXUAL. AA-SVB	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

2.3 TRASLADO E CHEGADA AO HOSPITAL

- A vítima ten dereito a estar acompañada en todo momento por unha persoa da súa elección durante o proceso asistencial. (Lei 4/2015, de 27 de Abril, do estatuto da vítima do delito).
- O traslado ao hospital debe realizarse o antes posible co fin de preservar probas, seguindo sempre as normas de seguridade.

3.- REXISTROS

- Rexistro aplicación ACORDE.
- Folla asistencial AA-SVB.

4.- GLOSARIO

- **Violencia sexual:** calquera acto de natureza sexual non consentida ou que condicione o libre desenrolo da vida sexual en calquera ámbito público o privado, incluíndo o ámbito dixital.
- **Violación:** agresión sexual consistente na penetración co órgano sexual por vía vaxinal, anal, bucal ou a introdución de calquera obxecto ou membros corporais por vía vaxinal ou anal.
- **Submisión e vulnerabilidade química:** ocorre nas situacións nas que a vítima se atopa baixo os efectos dalgunha substancia psicoactiva por consumo voluntario (vulnerabilidade) ou cando esta substancia é administrada por parte do agresor (submisión).

5. - ANEXOS

Anexo I: Bibliografía.

PO3-04	Edición: 01
ACTUACIÓN ANTE SOSPEITA DE AGRESIÓN SEXUAL. AA-SVB	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO I

Bibliografía

1. Ley 4/2015, de 27 de Abril, del Estatuto de la víctima del delito.
2. Protocolo de actuación Médico-Forense ante la violencia sexual en los Institutos de Medicina Legal y Ciencias Forenses.
3. Protocolo de actuación Médico-Forense en los delitos contra la libertad sexual, Clara Vega.
4. Protocolo sanitario ante el maltrato en el ámbito doméstico y la violencia sexual contra las mujeres, 2008 Osakidetza.
5. Protocolo de actuación sobre delitos sexuales, Partido Judicial de Santiago de Compostela.
6. Protocolo de atención Integral, Sanitaria y Judicial a víctimas de agresiones sexuales de la Comunitat Valenciana, 2019.
7. Actuaciones coordinadas para la atención integral a mujeres adultas y adolescentes víctimas de violencia sexual en el Municipio de Madrid, Dirección General de Prevención y Atención Frente a la Violencia de Género, Ayuntamiento de Madrid, Julio de 2019.
8. Procedemento atención a mulleres vítimas de agresión sexual. Versión n.º1. Agosto 2022. Xerencia Servizo Galego de Saúde.
9. Ley Orgánica 10/2022, de 6 de septiembre, de garantía integral de la libertad sexual.